

Túmulos prehistóricos no concello de Cabanas (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Neste traballo presentamos un estudo do fenómeno tumulario da zona do Eume, centrado no concello de Cabanas (A Coruña). Este artigo enfócase no entorno e no emprazamento dos túmulos e, como ven sendo habitual, nel reflectimos cal é na actualidade a situación na que se encontran estes xacementos. Así mesmo damos a coñecer a localización dun novo xacemento da idade do ferro: o castro de Cerdeiras situado na parroquia de Soaserra.

Abstract

In this work we present a study of the phenomenon of tumuli in the Eume area, concentrating on Cabanas (A Coruña). This article focuses on the setting and placement of the tumuli and, as is becoming habitual, we also reflect on the present situation in which we find these sites. At the same time we announce the locating of a new iron age site: the hill-fort of Cerdeiras, in the parish of Soaserra.

I- INTRODUCCIÓN

Cando no 2006 planeamos a posibilidade de realizar o estudo sobre o fenómeno tumulario no concello de Cabanas (A Coruña), facíámolo coa idea de dar continuidade ós traballos que a nosa Asociación desenvolveu nos concellos limítrofes de Monfero e Pontedeume. Pero ese traballo tivo que aprazarse ata o ano seguinte pola aparición dos gravados rupestres do Couto dos Golpes¹, na parroquia de Santa Cruz do Salto. Ademais esta non sería a única sorpresa que nos depararía este concello, xa que cando estabamos a finalizar este traballo, localizamos un novo asentamento castrexo na parroquia de Santa Olalla de Soaserra (ver Anexo).

Coa publicación do estudo deste concello pretendemos ir completando pouco a pouco a análise do fenómeno tumulario. A nosa intención nos próximos anos é ampliar o marco xeográfico abranguendo ó resto dos concellos das rías de Ares e Ferrol.




Fig. 1.- Situación do concello de Cabanas.

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

¹ GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, «Gravados rupestres no Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas)», *Anuario Brigantino* 2006, n° 29: 11-22.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Cabanas é un pequeno concello de 30 km² que se atopa na marxe N da desembocadura do río Eume e está dividido en sete parroquias: O Porto, Laraxe, Cabanas, Eirís, Salto, Regoela e Soaserra. Administrativamente linda ó O e ó N co concello de Fene, ó L co de A Capela, e ó S cos de Monfero e Pontedeume. Xeograficamente linda ó O co regato de Río Castro, ó N co río Belelle, as estribacións do monte Punxeiro e co couto das Modias; ó L cunha cadea de pequenas elevacións de lousa que ten as súas maiores alturas no Pico de Agüia (474 m máxima altura do concello) e no Pico da Mariña; mentres que polo S linda co río Eume. O clima é oceánico-húmido con matices continentais e temperaturas suaves, cunha media anual de 13'5°.




Fig. 2.- División parroquial do concello de Cabanas.

Xeoloxicamente² o concello pertence á zona IV de P. Matte, que se caracteriza estratigraficamente pola presenza dun precámbrico da «Serie Ordenes» que abarca dende o O á zona central do concello. A partires de aquí, cara ó L, hai diversidade de rochas graníticas (ortoneis mesoglandular) e rochas básicas, mentres que a zona máis oriental do concello está composta por rochas graníticas moi deformadas (granitos de dúas micras).

III-BIBLIOGRAFÍA

A primeira referencia bibliográfica que atopamos sobre os túmulos deste concello, é de Federico Maciñeira (1967)³, «a cinco kilómetros de Puentedeume, en dirección de Puente, parroquia de Irís, y en la cumbre del monte Punxeiro, por sobre la carretera del Estado, existe una importante necrópolis de túmulos, creo que unos doce, que son, según tengo entendido, los más cercanos a la ría».

Con posterioridade no 1972 Vales Vilamarín⁴ escribe que «...en un monte de la parroquia de San Mamed de Laraxe, distrito concejil de Cabañas. En la expresada feligresía existía la capilla de San Lorenzo, con un esteo dolménico en su interior... y la chanta clavada en el mismo lugar, donde presumimos tiene su emplazamiento el túmulo prehistórico...». Hoxe en día non existen restos deste posible túmulo, aínda que si se conserva o marco que estaba no interior da capela, da que hoxe non queda ningún vestixio.

En 1985 varios autores coordinados por M^a Cristina Toscano realizaron o primeiro estudo que abarcaba todo o concello, e que foi publicado en 1998⁵. Nel localizáronse 29

² Os datos xeolóxicos e estratigráficos foron tomados do Mapa Geolóxico de España 1:50000 n° 22 do I.G.M.E.

³ MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F., «Bares, puerto hispánico de la primitiva navegación occidental», Santiago de Compostela, 1967, páx. 36, nota 29'.

⁴ VALES VILAMARÍN, F, *La Coruña, Paraíso del Turismo*, 1972 e posteriormente reeditado no *Libro de Fiestas en honor a San Roque*, 1978: 31-32 e «El marco del Monte Medela», *Anuario Brigantino* 1999, n° 22: 11-20.

⁵ TOSCANO NOVELLA, M^a.C., LUACES ANCA, J., FERRER SIERRA, S. e PENEDO ROMERO, R., «O patrimonio cultural no concello de Cabanas», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudos* 1998, n° 5: 147-173, Pontedeume.

túmulos. Dous deles pertencen o concello A Capela, aínda que están moi preto do linde co concello de Cabanas. A mesma autora xunto a Javier Luaces publicou no ano 1999⁶ outro traballo moi similar ó anterior.

Por último no ano 2000 publicouse un traballo que abarca a zona central do concello realizado por Juan A. Carneiro e Javier Serrano⁷, no que describen tan só 11 túmulos e se nomean outros 7 practicamente arrasados.

IV-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

O termo municipal ten unha marcada orografía que condiciona de xeito importante o asentamento dos túmulos. O S do concello, debido ás pronunciadas ladeiras cara o río Eume, non é a zona máis axeitada para o emprazamento destes xacementos. E polo O temos unha franxa costeira que abarca dende o nivel do mar ata a cota dos 80/100 m, na que a acción da man do home sobre o medio (forte urbanización e labores agrícolas) borrou toda presenza de posibles restos tumularios. Estas características motivaron que hoxe en día non se atope ningún túmulo na zona sudoeste do concello, concretamente nas parroquias de Eirís, Cabanas e Porto. E na de Laraxe tan só temos a referencia de Vales Vilamarín.

O noso traballo de campo centrouse, polo tanto, nas zonas N e L, xunto coa zona centro-oriental do concello. A continuación describimos os túmulos atopados nestas parroquias.

Santa Cruz do Salto

É a parroquia que abarca a zona central do concello, dende o N (río Belelle) ata o S (río Eume). É sen dúbida a máis interesante de todas elas e a que máis densidade de túmulos ten. Nela temos localizados 28 xacementos e hai constancia de entre 5 e 7 túmulos máis que desapareceron por acción da man do home.

Grupo Punxeiro

Está situado no S do monte do mesmo nome, nunha zona nomeada como O Pelao. Deste grupo localizamos 14 túmulos, e case todos están situados na marxe esquerda do camiño que sube dende o antigo vertedoiro municipal cara ó alto do monte, exceptuando o nº 13 que está a dereita do camiño e o nº 14 que se atopa apartado uns 500 m cara ó L.

1) A Braña-1 (coordenadas UTM 570563'70 – 4810350'10, xeográficas 8° 07'40.95" - 43° 26'30.99"). Emprazamento (Emp.): ladeira. Altitude (Alt.): 332 m. Regato máis achegado a (Reg.): 180 m. Substrato xeolóxico (Subst.): granitos de dúas micas moi deformados. Terreo adicado a (Terr.): arborado de repoboación. Medidas (Med.): 12 m de Ø x 0'40 de alto polo S e 0'10 m polo N. Estado de conservación (Est.): malo, está achaiado polas labores agrícolas. Podemos ollar os restos da coiraza de granito e mesmo o que puidera ser a cabeza dun ortostato de 20 cm de ancho x 12 de alto.

2) A Braña-2 (UTM 570572'80 – 4810355'97, xeográficas 08° 07'40.55" – 43° 26'31.18"). Emp.: ladeira. Alt.: 332 m. Reg.: 180 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 9 m N-S x 10 L-O x 0'10 de alto; burato 3'50 m de Ø x 0'20 de profundidade. Est.: moi malo, está practicamente desaparecido, so é visible cando a finca está limpa.

⁶ TOSCANO NOVELLA, M^a.C. e LUACES ANCA, J., *Cabanas. Historia y patrimonio cultural*, Cabanas, 1999.

⁷ CARNEIRO REY, J.A. e SERRANO OTERO, J., «Arqueoloxía e paisaxe. O arco ártabro desde a prehistoria recente ata o medievo», *Cátedra. Revista Eumesa de Estudos 2000*, nº 7: 119-170, Pontedeume.




Fig. 3.- Plano de situación dos túmulos de Santa Cruz do Salto.

3) O Pelao-1 (UTM 570530'71 – 4810454'23, xeográficas 08° 07' 42.37" – 43° 26' 34.38"). Emp.: chaira. Alt.: 342 m. Reg.: 280 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: moi malo, está achaiado.

4) O Pelao-2 (UTM 570513'69 – 4810417'35, xeográficas 08° 07' 43.15" – 43° 26' 33.19"). Emp.: ladeira. Alt.: 339 m. Reg.: 240 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0'40 de alto. Est.: malo, está achaiado.

5) O Pelao-3 (UTM 570485'88 – 4810442'08, xeográficas 08° 07' 44.37" – 43° 26' 34"). Emp.: ladeira. Alt.: 344 m. Reg.: 280 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 m de Ø x 0'80 de alto. Est.: regular, pódese ollar a coiraza de granito.

6) O Pelao-4 (UTM 570432'80 – 4810410'58, xeográficas 08° 07' 46.75" – 43° 26' 33"). Emp.: ladeira. Alt.: 344 m. Reg.: 290 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14'50 m L-O x 13'50 N-S x 0'80 de alto; burato 3 m de Ø x 0'20 de profundidade. Est.: regular, está cortado polo N e polo O.

7) O Pelao-5 (UTM 570444'74 – 4810445'50, xeográficas 08° 07' 46.20" – 43° 26' 34.12"). Emp.: chaira. Alt.: 345 m. Reg.: 290 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 18 m de Ø x 0'80 de alto; burato 3 m de Ø x 0'40 de profundidade. Est.: regular.

8) O Pelao-6 (UTM 570496'33 – 4810506'85, xeográficas 08° 07' 43.88" – 43° 26' 36.10"). Emp.: chaira. Alt.: 346 m. Reg.: 330 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: malo, está achaiado.

9) O Pelao-7 (UTM 570524'60 – 4810516'30, xeográficas 08° 07' 42.62" – 43° 26' 36.39"). Emp.: chaira. Alt.: 345 m. Reg.: 330 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 m N-S x 18 L-O x 0'80 de alto. Est.: regular.

10) O Pelao-8 (UTM 570523'41 – 4810541'50, xeográficas 08° 07' 42.66" – 43° 26' 37.21"). Emp.: chaira. Alt.: 344 m. Reg.: 350 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 m de Ø x 0'40 de alto. Est.: malo, está achaiado.

11) O Pelao-9 (UTM 570500'69 – 4810547'17, xeográficas 08° 07' 43.66" – 43° 26' 37.4"). Emp.: chaira. Alt.: 342 m. Reg.: 365 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 13 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: moi malo, está achaiado.

12) O Pelao-10 (UTM 570574'5 – 4810541'5, xeográficas 08° 07' 40.38" – 43° 26' 37.19"). Emp.: chaira. Alt.: 347 m. Reg.: 340 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 25 m de Ø x 0'80 de alto; burato 10 m N-S x 11 L-O x 0'50 de profundidade. Est.: malo, ten unha forte violación que ocupa case a metade da masa tumularia. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

13) O Pelao-11 (UTM 570661'80 – 4810633'46; xeográficas 08° 07' 36.45" – 43° 26' 40.14"). Emp.: chaira. Alt.: 343 m. Reg.: 350 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16'5 m de Ø x 0'80 de alto. Est.: malo, ten unha gabia dun metro de profundidade que o atravesa polo centro; no corte da gabia pódense ollar os restos da coiraza de granito.

14) A Uceira (UTM 571113'72 – 4810865'51, xeográficas 08° 07' 16.24" – 43° 26' 47.5"). Emp.: cume. Alt.: 334 m. Reg.: 140 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14'50 m N-S x 14 L-O x 0'60 de alto; burato 4 m de Ø x 0'20 de profundidade. Est.: bo, óllase a coiraza de granito.

Temos constancia da existencia doutros seis túmulos na marxe dereita do camiño do vertedoiro. Dous deles estaban moi preto do antigo vertedoiro municipal (inventariados cos números GA15015025 e 26) e foron destruídos por unhas desafortunadas obras de adecuación, selado e clausura deste vertedoiro na década dos noventa; os outros catro están moi estragados e o seu lamentable estado non nos permite confirmar que se trate dos túmulos inventariados cos números GA15015028-29-30-31.

Grupo Couto dos Golpes

Directamente vinculado co grupo anterior, está situado ó SL tras unha pequena depresión entre os dous montes. Nesta zona localizamos 7 túmulos e os 3 gravados rupestres publicados no Anuario Brigantino do 2006.

15) Couto dos Golpes-1 (UTM 570866'84 – 4810234'36, xeográficas 08° 07' 27.52" – 43° 26' 27.14"). Emp.: chaira. Alt.: 346 m. Reg.: 200 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 11'5 m N-S x 13 L-O x 0'40 de alto; burato de 6 m de Ø x 0'50 de profundidade. Est.: malo, está cortado polo N por un valado e ten unha forte violación.

16) Couto dos Golpes-2 (UTM 570727'65 – 4810157'4, xeográficas 08° 07' 33.75" – 43° 26' 24.69"). Emp.: ladeira. Alt.: 337 m. Reg.: 90 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 m N-S x 20 L-O, ten unha altura que oscila entre 1'2 m polo O e os 0'40 polo L; burato de 4 m de Ø x 0'40 de profundidade. Est.: regular, a pesares de estar cortado por un valado polo N.

17) Couto dos Golpes-3 (UTM 570783'98 – 4810107'04, xeográficas 08° 07' 31.27" – 43° 26' 23.04"). Emp.: ladeira. Alt.: 344 m. Reg.: 170 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 15 m de Ø x 1'40 de alto

polo O e tan so 0'50 polo L; burato de 4 m de Ø x 0'30 de profundidade. Est.: regular, está atravesado por unha gabia polo N. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo e restos dun ortostato de 0'60 x 0'75 m.

18) Couto dos Golpes-4 (UTM 570837'19 – 4810101'81, xeográficas 08° 07'28.91" – 43° 26'22.85"). Emp.: ladeira. Alt.: 344 m. Reg.: 225 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 m N-S x 12 L-O x 0'50 de alto.



Foto 1.- Cruz gravada na cabeza dun ortostato do túmulo nº 19, Couto dos Golpes-5.

Est.: bo a pesares de estar algo achaiado, pódese ollar a coiraza de granito.

19) Couto dos Golpes-5 (UTM 570945'28 – 4810012'72, xeográficas 08° 07'24.14" – 43° 26'19.93"). Emp.: cume. Alt.: 358 m. Reg.: 350 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: monte baixo. Med.: 23 m de Ø x 1'80 de alto, burato 5 m de Ø x 0'60 de profundidade. Est: bo, pódese ollar un ortostato de 20 cm de alto x 55 de ancho, que ten gravada unha cruz de 15 cm de alto x 17 de ancho (foto 1).

20) Couto dos Golpes-6 (UTM 570985'14 – 4810035'37, xeográficas 08° 07'22.36" – 43° 26'20.65"). Emp.: cume. Alt.: 357 m. Reg.: 360 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 18 m N-S x 24'5 L-O x 1'7 de alto polo N e preto de 2'2 m polo L; burato de 5 m de Ø x 0'70 de profundidade. Est.: bo, óllase a coiraza de granito e seixo por todo o túmulo.

21) Couto dos Golpes-7 (UTM 571110'99 – 4810087, xeográficas 08° 07'16.73" – 43° 26'22.28"). Emp.: chaira. Alt.: 337 m. Reg.: 270 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 23 m N-S x 21 L-O x 2 de alto; burato de 5'50 m N-S x 8'50 L-O x 1'3 de profundidade. Est.: regular, ten unha forte violación, no interior do burato óllanse os restos da coiraza de granito.

Grupo Lamestra

Esta formado por 5 túmulos, todos eles situados nunha chaira a esquerda do antigo Camiño Real que ía dende Pontedeume cara As pontes, hoxe estrada comarcal AC-564.

22) Lamestra-1 (UTM 571377 – 4809934'39, xeográficas 08° 07'04.97" – 43° 26'17.24"). Emp.: chaira. Alt.: 328 m. Reg.: 300 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14'50 m N-S x 8 L-O x 0'90 de alto. Est.: malo, está cortado á metade pola estrada local que vai dende a AC-564 cara ó lugar de Manxarín.

23) Lamestra-2 (UTM 571417'2 – 4809948'62, xeográficas 08° 07'03.18" – 43° 26'17.69"). Emp.: chaira. Alt.: 329 m. Reg.: 300 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado. Med.: 17 m N-S x 18 L-O x 1'30 de alto; burato de 5 m de Ø x 0'50 de profundidade. Est.: bo, a pesares de estar cortado polo N por unha gabia.

24) Lamestra-3 (UTM 571388'06 – 4809892'34; xeográficas 08°07'04.50"–43°26'15.87"). Emp.: chaira. Alt.: 328 m. Reg.: 340 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado. Med.: 16 m de Ø x 1 de alto; burato 4 m de Ø x 0'40 de profundidade. Est.: bo.

25) Lamestra-4 (UTM 571649'36 – 48009891'8; xeográficas 08°06'52.88"–43°26'15.76"). Emp.: chaira. Alt.: 331 m. Reg.: 315 m. Subst.: ortoneis mesoglandular. Terr.: terreo recién deforestado.



Foto 2.- Estado actual do túmulo nº 28, A Peiceira-2.

Med.: 12 m N-S x 14 L-O, altura 0'80 m polo N e 0'40 polo L. Est.: malo, está achaiado e recentemente fixeron unha gabia na marxe N do túmulo, e unha deposición de terra enriba del.

26) Lamestra-5 (UTM 571689'33 – 4809893'23, xeográficas 08°06'51,1 – 43°26'15.79"). Emp.: chaira. Alt.: 331 m. Reg.: 340 m. Subst.: Ortoneis mesoglandular. Terr.: terreo recién deforestado. Med.: 12 m N-S x 14 L-O, altura 0'80 m polo N x 0'40 polo L. Est.: malo, está achaiado e recentemente fixeron unha deposición de terra enriba del.

Grupo A Peiceira

Na actualidade consta de 2 túmulos situados na marxe dereita da estrada AC-564 (Cabanas a As Pontes; ó S do grupo da Lamestra). Pero posiblemente foron máis a raíz dunha noticia aparecida na prensa⁸ e das informacións recadadas nos veciños da zona, que nos indicaron que existían máis túmulos na marxe dereita desta estrada. Nela hoxe en día atopamos un recheo e unha fábrica de bloques.

27) A Peiceira-1 (UTM 571409'44 – 4809763'41; xeográficas 08°07'03.61" – 43°26'11.68"). Emp.: ladeira. Alt.: 324 m. Reg.: 225 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 m N-S x 13 L-O, altura 0'80 m polo S x 0'50 polo L. Est.: malo, está achaiado e o recheo feito cortou o túmulo polo N e polo O.

28) A Peiceira-2 (UTM 571323'38 – 4809634'43; xeográficas 08°07'07.50" – 43°26'07.53"). Emp.: ladeira. Alt.: 317 m. Reg.: 215 m. Subst.: granitos de dúas micas moi deformados. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 m N-S x 18 L-O x 1'5 de alto. Est.: bo. (Foto 2).

San Vicente de Regoela

É a parroquia que abarca a zona nororiental do concello, nela tan só localizamos 2 túmulos en diferentes zonas da parroquia.

No Alto da Serra Toscano e Luaces (1998-9) catalogaron 2 túmulos, que sitúan no concello de Cabanas, pero en realidade están en concello de A Capela, moi preto do linde co concello de Cabanas. Tamén nesta zona do Alto da Serra, temos referencias de 2 túmulos que non localizamos pola mesta vexetación existente.

⁸ Ideal Gallego, edición de Ferrol, 21 de maio de 1996.

29) A Braña Moura (UTM 572966'8–4812303'24; xeográficas 08° 05'53.12" – 43° 27'33.46"). Emp.: ladeira. Alt.: 297 m. Reg.: 260 m. Subst.: cuarcitas e cuarzoesquistos. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 14 m de Ø x 0'50 de alto; burato de 3 m de Ø x 0'40 de profundidade. Est.: malo, está moi achaiado.

30) Serra do Sumeiro (UTM 572715'17 – 4811421'19; xeográficas 08° 06'04.74" – 43° 27'04.96"). Emp.: ladeira. Alt.: 325 m. Reg.: 350 m. Subst.: cuarcitas e cuarzoesquistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 19'50 m NO-SL x 14 NL-SO x 0'90 de alto polo S e 0'50 polo N. Est.: malo, está cortado polo SO por unha pista forestal que dende Lavandeira vai cara a Xicos.




Fig. 4.- Plano de situación dos túmulos de San Vicente de Regoela e o castro de Piñeiros.

Santa Olalla de Soaserra

Esta parroquia está situada na zona surleste do concello, nela localizamos 7 túmulos diseminados en pequenos grupos dende o N (Alto da Serra) ata o S (río Eume).

31) Cadaval (UTM 572505'36 – 4810346'58; xeográficas 08° 06'14.59 – 43° 26'30.2"). Emp.: cume. Alt.: 324 m. Reg.: 100 m. Subst.: cuarzoesquistos. Terr.: terras de labor. Med.: 15 m N-S x 19 L-O x 0'70 de alto; burato de 4 m de Ø x 0'50 de profundidade. Est.: malo, está moi alterado pola construción dun depósito de auga.

32) Cal da Serra (UTM 573056'03 – 4810350'55; xeográficas 08° 05'50.09" – 43° 26'30.14"). Emp.: ladeira. Alt.: 361 m. Reg.: 180 m. Subst.: cuarzoesquistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 m de Ø x 2 de alto; burato de 5 m de Ø x 0'80 de profundidade. Est.: bo, pódese ollar un ortostato de 0'80 de alto x 1 m de ancho.

33) Bogallo-1 (UTM 573116'75 – 4809917'99; xeográficas 08° 05'47.6" – 43° 26'16.10"). Emp.: ladeira. Alt.: 349 m. Reg.: 190 m. Subst.: cuarzoesquistos. Terr.: pasteiro. Med.: 16 m N-S x 14 L-O x 0'30 de alto. Est.: malo, está moi achaiado. Folklore: Sobor de este túmulo e do Bugallo-2, o noso amigo e colaborador Juan Sobrino, recolleu dun veciño de Cerdeiras «Acórdome que cando iamos co gando a Os Crotos xogábamos por enriba dunhas casiñas circulares como se fosen corripas, que non as eran. Agora esta todo a prado e xa non que nada. Levantaban do chan uns 50 ou 60 cm».

34) Bogallo-2 (UTM 573170'93 – 4809958'34; xeográficas 08° 05' 45.17" – 43° 26' 17.39"). Emp.: ladeira. Alt.: 354 m. Reg.: 190 m. Subst.: cuarzoeskistos. Terr.: pasteiro. Med.: 13 m N-S x 11 L-O x 0'40 de alto. Est.: malo, está moi achaiado.

35) Penalonga-1 (UTM 573762'47 – 4808691'30; xeográficas 08° 05' 19.48" – 43° 25' 36.11"). Emp.: chaira. Alt.: 366 m. Reg.: 260 m. Subst.: cuarzoeskistos. Terr.: pasteiro. Med.: 14 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: malo, está moi achaiado.

36) Penalonga-2 (UTM 573787'30 – 4808727'24; xeográficas 08° 05' 18.35" – 43° 25' 37.27"). Emp.: chaira. Alt.: 366 m. Reg.: 250 m. Subst.: cuarzoeskistos. Terr.: pasteiro. Med.: 14 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: malo, está moi achaiado.

37) Penalonga-3 (UTM 573771'56 – 4808750'97; xeográficas 08° 05' 19.04" – 43° 25' 38.05"). Emp.: chaira. Alt.: 364 m. Reg.: 270 m. Subst.: cuarzoeskistos. Terr.: pasteiro. Med.: 14 m de Ø x 0'30 de alto. Est.: malo, está moi achaiado.




Fig. 5.- Plano de situación dos túmulos de Santa Olalla de Soaserra e o castro de Cerdeiras.

IV-CONSIDERACIÓN SARQUEOLÓXICAS

Como xa indicamos na introdución co estudio do fenómeno tumulario deste concello temos a intención de ir completando nos próximos anos unha zona xeográfica máis ampla que abranguerá os concellos das rías de Ferrol e Ares.

Convén sinalar que a pesares da localización destes trinta e sete túmulos, doce deles inéditos, non podemos realizar unhas consideracións definitivas, sobre todo se temos en conta que as referencias obtidas do traballo de Toscano e Luaces (1998-9) indican a existencia doutros cinco túmulos, dous deles desaparecidos e os outros tres case irrecoñecibles, xunto coas referencias orais recollidas por nos de a lo menos outros dous túmulos.

Á vista destes datos, sería pois difícil facer a análise estatística baseándonos nestas cifras, xa que existen moitas probabilidades de que o número total de xacementos aumente de maneira cuantitativa, máxime se temos en conta que o noso traballo de campo tan só abrangue un 30% do termo municipal.

ANEXO

Dentro do traballo de campo desenvolvido neste termo municipal localizamos un novo asentamento castrexo chamado o Coto do Castro ou castro de Cerdeiras, que está situado preto do lugar de Cerdeiras, parroquia de Santa Olalla de Soaserra.

O topónimo «Coto do Castro» está trasladado 100 m ó S onde se sitúa o xacemento e foi nomeado nos traballos realizados por Toscano e Luaces (1998-9), aínda que os autores non localizaron o xacemento.

O que hoxe chegou ós nosos días son os restos dun pequeno castro de aproximadamente 50 m de Ø, asentado nun esporón formado na confluencia de dous regatos ó O do lugar de Cerdeiras. Coordenadas UTM 572732'15 – 4809694'53; xeográficas 08° 06' 04.81" – 43° 26' 08.99", cota de altitude 310 m.

Conservase polo L, un lenzo de muralla do recinto principal de 60 m de longo en dirección NO-SO (foto 3), cunha altura que oscila entre 1 a 3 m. Polo N e S o castro non conserva ningunha muralla e está flanqueado polos dous regatos que forman o esporón, mentras que polo O a muralla, na súa maioría foi destruída e tan só podemos ollar un socalco.

As fincas próximas o xacemento se coñecen como A Medoña e Herbal da Medoña, en clara alusión as murallas existentes. Neste caso o termo «medoña» non ten relación con túmulos. Estas referencias toponímicas son as que nos conduciron á localización do xacemento.

Tamén queremos sinalar en referencia o castro de Piñeiros (San Vicente de Regoela), que trala limpeza da maleza e arborado efectuada este ano na zona do S e SO, pódese observar que o recinto castrexo tiña un antecastro situado ó S-SL xa que se conservan os restos dunha muralla que partindo dende a entrada principal do recinto (situada ó S, foto 4), continúa ata a estrada, proseguindo polo outro lado dela para ir diminuindo de altura ata chegar a un camiño, onde acaba por perderse moi preto do lugar de Ameneiros.



Foto 3.- Muralla do inédito castro de Cerdeiras.



Foto 4.- Corte na muralla do antecastro do castro de Piñeiros.